



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 JUL 2024 14:58:18

Entrada **34807**

Sobre a obrigatoriedade dos crotais electrónicos

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de modificar o RD 787/2023 de seguimento, identificación e rexistro de determinadas especies animais, para establecer como voluntario o sistema de identificación de bovinos mediante crotais electrónicos.**

O Real Decreto RD 787/2023 de seguimento, identificación e rexistro de determinadas especies animais, establece no seu artigo 5 os medios de identificación dos bovinos. Contempla no anexo II.3 que todos os bovinos nados a partir de 30 de xuño de 2024 terán que ser identificados mediante un crotal convencional na orella dereita e un crotal electrónico na esquerda.

Ante a presión exercida polas mobilizacións do sector agrogandeiro, o Ministerio de Agricultura presentou a finais de marzo un paquete de 43 medidas, entre elas a proposta de prórroga da obrigatoriedade de identificación electrónica dos bovinos a aplicar a partir de 30 de xuño de 2025.

Desde o sector primario e as organizacións sindicais agrarias (Fruga) reivindican que o sistema de identificación mediante crotais electrónicos non sexa obrigatorio pois, lembran, a normativa europea non o esixe.

Neste sentido, poñen de manifesto o Informe da UE que indica que a aplicación do sistema de identificación electrónica pode ter efectos económicos adversos, polo que debe ser voluntario e non obrigatorio. Sería, de feito,

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

29 JUL 2024 14:58:18

Entrada **34807**



especialmente negativo para o sector agrogandeiro galego de pequenas e medianas explotacións.

É un sistema que conleva un aumento dos custos que deben asumir as explotacións gandeiras sen obter a cambio ningún tipo de beneficio. O propio Informe da Comisión ao Parlamento europeo e ao Consello advirte sobre a súa difícil viabilidade técnica e económica.

En relación ao veterinario de explotación, o Ministerio decidiu recentemente implantalo de maneira voluntaria. Pódese facer exactamente igual co tema da identificación dos bovinos mediante os crotais electrónicos, permitindo que sexa voluntario.

Sería necesario, por tanto, que o Ministerio fose flexíbel e procedese a modificar o RD 787/2023 para que ese sistema non teña carácter obrigatorio.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que disposición ten o Ministerio de Agricultura a modificar o RD 787/2023 para flexibilizar o sistema de identificación dos bovinos mediante crotais electrónicos para que non sexa obrigatorio?
2. Atenderá esta demanda do sector agrogandeiro galego? Ten presente que a normativa europea non o contempla como obrigatorio e que advertiu que a aplicación do sistema de identificación electrónica pode ter efectos económicos adversos?
3. Sabe que precisamente tería un impacto negativo no sector galego que se verá sometido a un aumento dos custos sen que redunden en ningún beneficio?
4. É posíbel que emule a decisión adoptada en relación ao veterinario de explotación que se decidiu fose implantado de forma voluntaria?



5. Establecerá o Ministerio como voluntario o sistema de identificación de bovinos mediante os crotais electrónicos?

Madrid, a 29 de xullo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de modificar el RD 787/2023 de trazabilidad, identificación y registro de determinadas especies animales, para establecer como voluntario el sistema de identificación de bovinos mediante crotales electrónicos.**

El Real Decreto RD 787/2023 de trazabilidad, identificación y registro de determinadas especies animales, establece en su artículo 5 los medios de identificación de los bovinos. Contempla en el anexo II.3 que todos los bovinos nacidos a partir de 30 de junio de 2024 tendrán que ser identificados mediante un crotal convencional en la oreja derecha y un crotal electrónico en la izquierda.

Ante la presión ejercida por las movilizaciones del sector agroganadero, el Ministerio de Agricultura presentó a finales de marzo un paquete de 43 medidas, entre ellas la propuesta de prórroga de la obligatoriedad de identificación electrónica de los bovinos a aplicar a partir de 30 de junio de 2025.

Desde el sector primario y las organizaciones sindicales agrarias (Fruga) reivindican que el sistema de identificación mediante crotales electrónicos no sea obligatorio pues, recuerdan, la normativa europea no lo exige.

En este sentido, ponen de manifiesto el Informe de la UE que indica que la aplicación del sistema de identificación electrónica puede tener efectos económicos adversos, por lo que debe ser voluntario y no obligatorio. Sería, de



hecho, especialmente negativo para el sector agroganadero galego de pequeñas y medianas explotaciones.

Es un sistema que conlleva un aumento de los costes que deben asumir las explotaciones ganaderas sin obtener a cambio ningún tipo de beneficio. El propio Informe de la Comisión al Parlamento europeo y al Consejo advierte sobre su difícil viabilidad técnica y económica.

En relación al veterinario de explotación, el Ministerio decidió recientemente implantarlo de manera voluntaria. Se puede hacer exactamente igual con el tema de la identificación de los bovinos mediante los crotales electrónicos, permitiendo que sea voluntario.

Sería necesario, por lo tanto, que el Ministerio fuera flexible y procediera a modificar el RD 787/2023 para que ese sistema no tenga carácter obligatorio.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué disposición tiene el Ministerio de Agricultura a modificar el RD 787/2023 para flexibilizar el sistema de identificación de los bovinos mediante crotales electrónicos para que no sea obligatorio?
2. ¿Atenderá esta demanda del sector agroganadero galego? ¿Tiene presente que la normativa europea no lo contempla como obligatorio y que ha advertido que la aplicación del sistema de identificación electrónica puede tener efectos económicos adversos?
3. ¿Sabe que precisamente tendría un impacto negativo en el sector gallego que se verá sometido a un aumento de los costes sin que redunden en ningún beneficio?
4. ¿Es posible que emule la decisión adoptada en relación al veterinario de explotación que se decidió fuera implantado de forma voluntaria?



5. ¿Establecerá el Ministerio cómo voluntario el sistema de identificación de bovinos mediante los crotales electrónicos?

Madrid, a 29 de julio de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso